



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MGM

Expte. núm. 2024/C004/000008

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez

### **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de data 31/07/2024, acadou, entre outros, o seguinte acordo:

### **2º.- APROBAR O EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SERVIZOS “RECEPCIÓN, ATENCIÓN AO PÚBLICO E RELACIÓNS PÚBLICAS PARA A DELEGACIÓN MUNICIPAL DE TURISMO”**

O presidente da sesión deu conta do expediente que se tramitou para a licitación do servizo “Recepción, atención ao público e relacións públicas para a delegación municipal de turismo”

No expediente con referencia 2024/C004/000008, constan os seguintes antecedentes:

- O día 11/04/2024, asínase o documento xustificativo da necesidade da licitación.
- O estudo económico do servizo e o prego de prescricións técnicas o presenta a empresa Knownow Consulting & Training, SL; presentáronse en data 18/04/2024 (RE núm. 202499900001582) e 19/06/2024 (RE núm. 202499900002363).
- Elaborouse o prego de cláusulas administrativas particulares, con data xullo de 2024; asinouse o día 17/07/2024. O contrato adxudicarase a través de procedemento aberto, tramitación ordinaria, con diversos criterios de adxudicación. A CPV principal do contrato é 63513000-8 Servizos de información turística. A licitación non está suxeita a regulación harmonizada. O valor estimado é de 203 373,45 €, sen IVE, que comprende os dous períodos de duración principal e dúas prórrogas.
- A secretaria municipal emite informe xurídico o día 18/07/2024, favorable á aprobación do expediente.
- O informe favorable de Intervención, núm. 299, é de data 23/07/2024.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos antecedentes citados e do disposto nos artigos 28, 117.1, 135, e 159 da Lei 9/2017, do 09 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentados; e na D.Ad.IIª, número 1, da LCSP, que recolle o réxime de competencias na contratación local; e do decreto da Alcaldía número 1528/2023, do 05 de xullo, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, dos membros presentes:

1º) Aprobar o expediente de licitación mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, do servizo “Recepción, atención ao público e relacións públicas para a delegación municipal de turismo”.

2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

3º) Autorizar un crédito por importe de 58 457,53 € con cargo á aplicación orzamentaria 432.22732.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico



**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MGM

**Expte. núm. 2024/C004/0000008**

das entidades locais, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación.

A concelleira-delegada (V.e Pr.)

M<sup>a</sup> Tania Pardo Cabarcos